

OS NÓSOS TRABALLOS


A filla do fidalgo

4º PDC



X
O
G
A
I
N
A

OS NÓSOS TRABALLOS



X
O
G
A
I
N
A

OS NOSOS TRABALLOS



Chove nas veigas
e trona nas leiras

Canta o cuco no val
e a galiña no corral

Martín Muñiz



H
U
M
O
R






Rubén
Gallardo

X
O
G
A
I
N
A

35

Que de monstres!



X
O
G
A
I
N
A

Le coin du français



Elle s'appelle Kira. C'est une chienne très affectueuse. Elle a un an. Elle est grise et elle a des taches noires sur son corps. Elle a une langue rose et petite. Ses yeux sont marrons e sa queue est grise. Ses pattes sont longues, grosses et grises. Son museau est noir. Elle a deux oreilles, une levée et l'autre pliée.

Lara Veiga 1° ESO B



C'est un canard. Il s'appelle Schweinsteiger et il est petit. Il a 9 mois. C'est un animal sauvage. Il a les pattes petites et orange. Ses yeux sont noirs. Il est tranquille et content. Il mesure 28 cm. et pèse de 7 a 14 kg.. Il mange de l'eau et du pain. Son corps est blanc, noir, marron et vert. Il déteste les chiens et les chats. Il habite à l'étang.

Víctor Canle. 1° ESO A



Il s'appelle Dymak. C'est un cheval. Il a 1 an. Il est marron. Il est mince. Il est content. Il est jeune. Il est bruyant. Il est nerveux. Sa queue est grande. Sa crinière est longue.

Borja Cruz 1° ESO B

Il s'appelle Bas. C'est un escargot. Il a deux moi. Il n'a pas de pattes. Il est vert et jaune. Il a des taches oranges. Il est mince. Il est petit. Il est lent. In n'a pas de dents. Il est inquiet. Il ne nage pas. Il ne peut pas sauter. Il n'a pas de télé. Il boit de l'eau e mange des feuilles.

Ines Carneiro 1° ESO A



Je m'appelle Pinocho. Je suis un hamster. J'ai un an. J'ai les pattes blanches, la queue est courte et blanche. Les petites oreilles grises, les moustaches très longues. Je ne suis pas inquiet et je ne suis pas lent. Je déteste le fromage. J'adore les pepins. Je bois de l'eau.

Il s'appelle Limon. C'est un hippocampe. Il a un mois. Il a deux nageoires bleues et violettes. Il est jaune et vert il a des taches orange. Il est petit et maigre. Il habite dans l'eau. Il a un gros nez. Il n'a pas de pieds ni de mains. Il n'a pas de doigts. Il n'a pas de pattes. Il peut boire de l'eau e manger du plancton. Il est sensible.

Laura Bermúdez 1°ESO A



OS NÓSOS TRABALLOS



Il s'appelle Mo. C'est un chien. Il a 3 mois, il est petit. C'est mon ami. Il a quatre pattes marron, blanches et noires. Les oreilles sont petites, couleur marron et noires. Les yeux sont petits et marrons. Le nez est noir. Il est long. La queue est petite et noire. Il pèse un kilo. Les dents sont blancs et petits. Le dos est noir. Les pattes sont courtes. Il ne porte pas de collier par le moment. Il n'à pas de moutaches. Il n'a pas de taches. Il est affectueux, joueur, gentil. Il adore les enfants et les chats. Il déteste les chats. Il aime l'eau et la nourriture. Il n'est pas laid. Il est rapide et c'est mon chien.

Rebeca García 1º ESO A

C'est une chienne. Elle s'appelle Chispa. Elle a 1 an. Elle est petite. Elle est marron et blanche. Elle porte un collier rouge. Ses yeux sont marrons. Ses oreilles sont grandes. Elle n'aime pas les chats. Elle a trois fils. Elle est maigre. Ses moustaches sont longues. Ses dents sont blancs Elle aime les chiens et les chiennes. Elle mange beaucoup d'aliments.

Cristian González 1º ESO B



C'est un chien. Il s'appelle Pipo. Il a 5 mois. Pipo est marron, noir et blanc et ses yeux sont noirs et verts. Pipo a les oreilles pointues. Ses pattes et ses poils sont très mous. Pipo est aussi très gourmand, il mange les aliments secs. Il est affectueux et il aime me faire des calins. Pipo est petit et mince. Il joue avec tout le monde.

Yolanda Nimo 1º ESO B

Il s'appelle Yako. C'est un chien. Il a 11 mois. Il est marron et noir. Il a les oreilles marron et très longues. Il a des yeux marrons. Il a une langue rose et très longue. Sa queue est noir, marron et longue. La bouche est grande. Le corps est grand, marron et noir. Il a les moustaches noires et très longues. Il adore manger. Il a une tache sur la patte. C'est un chien grand gros, très nerveux et joueur. Son collier es noir. Il est affectueux avec moi, mais pas avec mes amis. Son museau est noir. Il dort toute la journée. Il habite dans sa niche.

Isabel Burés. 1º ESO A



C'est un hamster. Elle s'appelle Viscosín. Elle a cinq mois. Elle est petite. Elle a le poil blanc. Ses pieds sont petits. Son oreille est petite. Elle a deux dent, son nez est petit et mouillé, son dos est plein de poils. Malheureusement elle est morte!

Iván Mourellos 1º ESO B



C'est un chien. Il s'appelle Coki. Il a 6 ans. Il est marron clair et noir. Il a les yeux marron foncé. Il a des moustaches noirs.

José Ángel 1º ESO B



OS NOSOS TRABALLOS

Creando "ouro" non laboratorio do colexio



Seguramente á maioría de vós vos soa a frase: "A masa non se crea nin se destrúe, só se transforma".

Esta frase enunciouna Antoine-Laurent Lavoisier en 1772, por iso se coñece como "Lei de Lavoisier", ademais de "Lei de conservación da masa".

Lavoisier foi un químico francés que, desgraciadamente para a ciencia (e sobre todo para el), foi guillotinado durante a Revolución francesa. As súas contribucións á química foron moi numerosas.

Os alumnos de Física e Química de 4º de ESO tiveron a ocasión de comprobar experimentalmente a veracidade desta frase, ó realizar no laboratorio unha práctica que consiste en mesturar unha disolución de nitrato de chumbo (II), que é incolora, con outra de ioduro de potasio, que é amarela. Ao facer esta mestura, ten lugar unha reacción química na que se produce un precipitado de ioduro de chumbo (II), en forma de turbidez dun color amarelo moi intenso, que é unha substancia amorfa.

Se quentamos ata que o precipitado se redissolva (desapareza), e logo deixamos enfriar, o ioduro de chumbo (II) volve a precipitar, pero esta vez en forma de pequenos cristais, o que parece unha "chuvia de ouro", efecto moi bonito que queríamos compartir con vós.

Belén López González



Natureza...



Os alumnos e alumnas de primeiro curso de ESO estiveron desenvolvendo actividades do proxecto CLIMÁNTICA dentro da materia de Proxecto Interdisciplinar. Organizaron unhas patrullas climánticas que tiñan como obxecto axudarnos a aforrar enerxía apagando as luces das aulas ó saír da clase e pechando ventás para aforrar en calefacción; dámoslles as grazas por iso!

Ademais, na clase de alternativa fixeron estes murais axudados por Adolfo, o profesor de Plástica, onde nos amosan o importante de coidar da natureza.

... Natureza!



O colexio en tempos dos avós



A miña avoa chámase Dolores Sanmiguel e ten 78 anos. É moito máis baixiña ca min, iso que eu son baixo. Debe ser porque ten unha enfermidade chamada osteoporose, que significa que non ten masa ósea e desfánselle os ósos. Ten o cabelo branco pola idade e os ollos castaños. Tivo seis fillos, entre eles miña nais, que ocupa o terceiro posto. Isto foi o que me contou da súa escola.

Ías á escola tódolos días?

Si, mañá e tarde.

E onde era o teu colexio?

Na Ribeiriña, que agora non sei por que é unha casa.

Cal era o voso medio de transporte?

Ai, meu fillo, eran as pernas.

E que se estudaba?

O silabario, contas e nada máis. Se sabías ben o libro dábanche outro.

E que é un silabario?

É un libro coas primeiras letras.

E con que escribiades?

Con pluma e tinta e ás veces na pizarra con xices desas brancas. Daquela había xa tamén libretas de calcar, de caligrafía.

Cantos cursos había?

Non había cursos, se sabías un libro pasabas a outro.

Como eran os teus compañeiros?

Antes non era como agora; había unha clase só de mulleres de tódalas idades.

Cantas erades?

Buff, eramos moitas, sobre 35 ou 40 mulleres.

E cantos profesores había?

Había só unha.

E como era?

Era gorda e maligna; cando nos portabamos mal dábanos nas pernas a todos seguidos cunha vara de cana. Chamábase Maestú.

Como vos castigaban?


Poñíannos de xeonllos cos brazos en crus. Pobre de quen os baixara!

Tiñades recreo?

Si, si que tiñamos, media hora ou así.

Rezabades na escola?

Moito, ao entrar e saír principalmente.



OS NOSOS TRABALLOS

Meu avó, José Antonio, ten sesenta e nove anos. Vive en Pousada (Tállara). Tivo unha vida moi activa, con varios traballos, e agora aproveita a súa xubilación, un pouco pasiva. Preguntámoslle sobre a escola da súa época.



A que idade empezaches a ir ao colexio?
Aos seis anos.
A que escola fuches e onde estaba?
Era a "Escuela Pública de Sanguinal", no Sanguinal.
Como se chamaba o teu mestre? Descríbeo.
Don Manuel Gutiérrez. Era un señor moi recto que procuraba que estudiásemos.
Que materias estudabas e cal che gustaba máis? E menos?
Estudabamos castellano, non dabamos nada de galego. Despois había matemáticas, xeografía e historia. A que máis me gustaba era matemáticas, porque se me daba ben. A que menos... a relixión, que era o Catecismo; pero a pesar diso, aprendino.
Como era un día normal na escola?
Pois era unha xornada. Entrabamos ás dez, saíamos ó recreo, iamos comer e logo dúas horas máis pola tarde.
É certo que antes castigaban moito?
Si. Se estudabas eran bos, pero se non pegábanche.
Ías ti só da aldea ao colexio?
Non, iamos sei ou sete compañeiros. Tamén ían meus irmáns comigo.
Que salientarías daqueles días de colexio?
Eu salientaría o compañeirismo que tiñamos entre todos a pesar de que eramos de distintas aldeas; porque antes había máis ca agora.
Eras un bo ou mal estudante?
Era bo estudante; cando acabei a escola fun ao instituto de Noia, a sacar o "bachiller".
Por que deixaches logo os estudos?
Porque non tiña medios económicos o meu pai.
Botaches de menos ir á escola?
Si, porque me gustaba.
Se foras un rapaz hoxe, que farías referente aos estudos?
Aplicarme e aproveitar todo o tempo que puidera en estudar e facer os deberes.
Que consellos nos darías aos estudantes?
Que vos esforcedes, que non perdades o tempo, que hoxe se queres traballar téis que estar preparado.

(Manuel Ces Filgueira. 1º A ESO)

Miña avoa chámase Manolita e ten 52 anos e xa sete netos. É un pouco gordiña e de pequena estatura, co pelo loiro e curto. Aínda que ás veces é un pouco pasota, resulta amable, graciosa e moi boa persoa. Isto é o que lembra da súa escola.

Onde era o teu colexio?
En Cernande- Tállara.
Como se organizaban os estudos?
Estabamos nenos e nenas xuntos. Os cursos ían por graos: 1º grao, 2º grao e 3º grao; pero todos estabamos na mesma clase con só unha persoa.

OS NOSOS TRABALLOS



E que material escolar tiñades?

Unha pizarra e un pizarrillo, como un lapis para escribir. Tamén un libro que servía para todas as asignaturas, que ía por grao, e unha libreta para pasar a limpo.

Como era unha xornada no teu colexio?

Entrabamos sobre as 10 da mañá e rezabamos o Padrenuestro e a Avemaría; ás 12 h. tomabamos un vaso de leite quente en po cun anaco de pan, boroa... Ás 13h. saíamos comer e cantabamos o Himno Nacional. Pola tarde entrabamos ás 15 ata as 17h, e tiñamos actividades de costura, debuxo...

Como vos castigaban cando vos portabades mal?

Se era un castigo normal de xeonllos; se era grave, de xeonllos cos brazos abertos estirados con libros enriba.

A que xogabades no recreo?

As mulleres á pelota, á roda e aos pelouros. Os homes aos saltitos ananos, á estornela e outros xogos.

Que idioma falabades na escola?

Na escola, castelán; fóra da escola, galego.

(Iria González Santamaría. 1º A ESO)

Como era o teu colexio?

Era un edificio alugado ao concello, dunha planta, e había repartidas 40 cadeiras e mesas. Cando estabas preparado xa podías ingresar en Santiago, pero para iso tiñas que aprender a sumar, restar, multiplicar, dividir, quebrados e raíz cadrada.

Tiñades transporte escolar?

Non, nós íamos andando e tiñamos o colexio cerca, pero ao mellor algún tiña que facer 14 quilómetros.

Canta xente formaba o profesorado?

Era un único profesor para 40 alumnos.

E estabades xuntos rapaces e rapazas?

Eramos 40, clases con rapaces e rapazas. Gustábame, porque eu era o máis rico da zona e era moi "ligoncete".

Como era o profesor?

Non era malo, pero de cando en vez un tirón de orellas e tamén me daban coa regra nas palmas das mans.

E que horario tiñades?

Desde as 9 ata as 3, con hora e pico de recreo.

E que asignaturas dabades?

Física e química, relixión, matemáticas, historia e xeografía e tamén gramática.

Que material escolar usabades? Era gratis?

Usabamos bolígrafos, pizarrillos, libros de verbos, conxugacións... Era gratis, na época da república.

Tiñades uniforme?

Sen uniforme, cada un acudía coa roupa que tiña.

Como era ahixiene?

O profesor revisaba de se lavabamos as orellas e se vía a algún alumno rascando a cabeza ía de inmediato a miralla!



A que se xogaba no recreo?

A marro; ao fútbol na estrada, unha pedra nun lado, outra noutro e a xogar.

(Jorge Leite Albardonado. 1ºA)

X
O
G
A
I
N
A

Another world is possible



X
O
G
A
I
N
A

Refuganimais



Todos os días enchemos bolsas con refugallo de plástico (no amarelo, por favor!) ou cartón (no azul, por suposto). E sen embargo, poden ser os materiais ideais para darlle azos á nosa creatividade. Podedes ver aquí as propostas dos alumnos e alumnas de 1 de ESO



X
O
G
A
I
N
A

OS NÓSOS TRABALLOS



RECENSIÓN DE *OS VELLOS NON DEBEN NAMORARSE* DE CASTELAO



Cando estudamos en 4º ESO a Xeración Nós, quedamos “namorados” coa obra de Castelao; razón pola cal decidimos ler na aula a súa peza teatral: *Os vellos non deben namorarse*. A seguir, a profesora pediunos facer unha recensión, mais tivemos que estudar antes que era o que nos estaba solicitando. Enfrontámonos a ela con medo, mais os resultados non foron malos. Entre todos, decidimos poñer coma mostra a recensión dunha compañeira. Lédea e, se isto vos anima, non dubidedes en pasar pola biblioteca e coller a obra de Castelao. Como escribiu tamén un compañeiro, Álex Casal, na súa recensión: “é unha obra espléndida e merecedora de eloxios, un regalo máis á humanidade do gran Castelao”.

A obra teatral *Os vellos non deben namorarse* é de Castelao. Está dividida en tres lances, podería dicirse que é unha mesma historia contada tres veces seguidas soamente cambiando o nome aos personaxes. No primeiro lance, os protagonistas son o boticario, Don Saturio, e a súa namorada Lela. No segundo, os personaxes principais son Don Ramón e Micaela; e no último lance o señor Fuco e Pimpinela. Nos tres casos nárrese, con poucas variacións, o namoramento de tres vellos (Don Saturio, Don Ramón e o señor Fuco) de tres mozas moito máis novas ca eles (Lela, Micaela e Pimpinela). Ao final de cada historia déixase ao descuberto que ás mozas só lles interesaban os bens e as riquezas materiais que puideran ter os vellos, posto que soñaban coa morte destes para elas poderen gozar dos luxos e atopar o verdadeiro amor.

O autor incide moito en que os amores serodios non son verdadeiros, aínda que cómpre dicir que, como se reflicte na obra, detrás da disparidade da idade tan grande entre dous namorados, o único que en realidade se agocha é a cobiza ou a ambición. Ao lector quedoulle claro que nos tres casos os vellos morreron sen o verdadeiro amor das mozas: Don Ramón emborrachouse e apenas se decatou do pasamento; o boticario (Don Saturio) adormentouse con xaropes da súa botica por non poder ter o amor de Lela; e o señor Fuco morreu agonizando e forcexando coa morte. O amor levou a estes vellos ao bordo da loucura. No epílogo, os tres vellos atópanse falando no cemiterio. Aínda o amor polas mozas residía no seu corazón, pero o pasamento da sogra do señor Fuco fixolles ver e decatarse das verdadeiras intencións e sentimentos das mozas, as cales reconstruíran a súa vida. Pimpinela e mais o mozo venderon as propiedades do señor Fuco; Micaela tivo un fillo do portugués e dixo que era de Don Ramón, para así poder gozar dos seus bens; e por último, Lela casou co carabineiro que a roldaba e tiveron catro fillos. A obra conclúe coas queixas dos vellos e coa conclusión de que non deben namorarse a idades serodias. Deben aproveitar a xuventude e, se non o fan, que teñan coidado en quen poñen os ollos. Tamén poden gozar do amor pero “cada un na súa casa”, porque o amor verdadeiro, ese que din que non ten idades, se é verdadeiro, non busca os bens da outra persoa, senón un pouco de afecto e de cariño.

Para concluír, debo dicir que nesta obra maniféstanse dous trazos claros da narrativa de Castelao: o manexo dunha técnica narrativa sinxela acompañada dun conxunto de claves e saberes populares asumibles por un lector popular, e unha temática popular, como a morte e o máis alá.

Lorena García, 4º B.

X
O
G
A
I
N
A